



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 14 de febreiro de 2013, á vista da solicitude formulada pola Comisión de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

IVABRADINA

na indicación de tratamento da insuficiencia cardíaca crónica de clase II-IV da NYHA estable con disfunción sistólica e fracción de execución do ventrículo esquerdo $\leq 35\%$, en pacientes en ritmo sinusal e cuxa frecuencia cardíaca sexa ≥ 75 latidos por minuto, en asociación co tratamento estándar incluíndo o tratamento con betabloqueantes ou cando o tratamento con betabloqueantes está contraindicado ou non se tolera. Este tratamento debe iniciarse despois dun periodo de estabilización de 4 semanas coa terapia estándar.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2013

O PRESIDENTE DA COMISIÓN AUTONÓMICA CENTRAL DE FARMACIA E TERAPÉUTICA

D. Félix Rubial Bernardez

COMISIÓN DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE